

2ª EDICIÓN CONCURSO FOTOGRÁFICO ANPA DO IES RÍO CABE.

AS CORES DE OUTONO

BASES:

1º PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso tódolos alumnos matriculados no Ies Río Cabe (ESO, BAC e Ciclos)

2º TEMÁTICA

A temática versará sobre calquera fotografía que teña como tema o outono. Xa sexa paisaxística ou tradicional. Non se aceptarán arquivos con contidos contrarios ao dereito á honra, á intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe das persoas.

3º OBRA

Cada participante poderá presentar as fotografías orixinais que estime.

4º COMO PARTICIPAR

As obras presentaranse en formato físico, en papel, cunhas dimensións mínimas de 20x15. No reverso da fotografía constará: título e pseudónimo (non se dará o nome nin outro dato que se poida relacionar co autor). Xunto coa foto entregárase unha plica: papel dentro dun sobre pechado onde conste o título, o pseudónimo (o mesmo que o posto no reverso da foto), o nome do autor ou autora, e o curso ao que pertence. Todo elo (fotografía e plica) metido nun sobre grande.

As obras entregáranse na secretaría do Ies Río Cabe, indicando que son para o concurso. O prazo rematará o día 1 de decembro.

5º EXPOSICIÓN DAS IMAXES

Con tódalas fotografías, farase unha exposición no centro. Os participantes aceptan, logo, que a súa obra sexa visible e exposta ao público.

6º. DATA DE ADMISIÓN

A data de recepción de orixinais será dende a posta en coñecemento das bases ata o 1 de decembro de 2016.

7º. XURADO

O xurado estará composto por representantes da Anpa e do centro escolar. O nome dos gañadores farase público antes das vacacións de Nadal.

8. PREMIOS

Independentemente das obras que se presenten, só haberá un premio por participante.

1º Premio: Tablet

2º Premio: Mp4

3º Premio: Auriculares bluetooth

4º, 5º e 6º premios: USB de 32 Gb